



*A novena competencia*

---

# A FILOSOFÍA

A súa sinal de identidade é a transversalidade e a reunión da conceptualización e o diálogo

Supón unha competencia decisiva porque permite que o estudante:

- Integre todos os coñecementos
  - Contextualize o coñecemento a través de problemas transversais
  - Reflexione sobre o seu lugar no mundo
-



<https://olimpiadafilosoficagalicia.weebly.com/>

# OLIMPIÁDA FILOSÓFICA DE GALICIA



Organiza: grupo Nexos

**nexos**

Colaboran:

USC FACULTAD DE FILOSOFÍA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# En que consiste?

É unha actividade fundamentalmente lúdica, creativa e transversal.

## **Atreverse a pensar.**

Dar a ocasión de que o mozos e mozas emprendan o camiño da Filosofía: *Sapere Aude!* Usen as capacidades aprendidas no ensino: investigación, reflexión, produción de pensamento

## **Dar que pensar.**

Propomos **cuestións de actualidade**, que motiven a reflexión, a produción de ideas e permitan exercitar a capacidade crítica e o pensamento diverxente, fornecendo dun lugar onde **pensamento dos grandes autores e autoras** da Filosofía, sexa un punto de apoio para producir ideas e reflexións propias acerca do mundo no que se vive.

## **Pensarse a un mesmo.**

Pontenciar as competencias básicas (uso da linguaxe, a capacidade artística e a a autonomía e iniciativa persoal) e integralas todas nunha actividade que conseqa un crecemento intelectual e persoal.

# FORMAS DE PARTICIPACIÓN

FOTOGRAFÍA  
FILOSÓFICA

CURTA DE  
VIDEO

DILEMA  
MORAL

DISERTACIÓN

OUTRAS MODALIDADES EN ANOS ANTERIORES:

COMIC  
FILOSÓFICO

# OUTRAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN

TEATRO

TALLERES  
TEMÁTICOS

TALLERES DE  
FILOSOFÍA

COLABORACIONES

- A participación faise a través do centro escolar que se inscribe na Olimpiada.
- Está aberta a calquera alumno, curse ou non Filosofía no momento da convocatoria.
- Calquera profesor (de calquera materia) pode organizar o proceso.
- O xurado conformáse con profesorado voluntario, das entidades colaboradoras e daqueles profesores participantes que o soliciten



ENVIOS 9 FEBREIRO

# FOTOGRAFÍA FILOSÓFICA

Alumnado de 3º, 4º de E.S.O e BACH

- Consistirá en reflectir ideas filosóficas a través dunha composición fotográfica realizada ex professo para a Olimpíada
- A fotografía pode ou non ter sido sometida a programas de tratamento de imaxe.

Dimensión A3, formato JPEG

- A imaxe debe conter un lema integrado dacordo co tema da fotografía deste ano da Olimpíada.
- Presentarásese por duplicado: Nunha das fotografías deberá insertarse na parte inferior da mesma o nome, curso e centro do alumn@ que participa.
- O alumnado seleccionado deberán explicar a súa fotografía diante dun tribunal



---

# Foto ganhadora da IV Olimpíada

---





---

# Criterios de Cualificación

---

## 1. Calidade técnica e estética da fotografía: ate 2 puntos.

- Bon encadre, bon efoque, luminosidade suficiente, ausencia de encadre e enfoque con finalidade estética ou expresiva. (2 puntos)
- Hai partes da fotografía desenfocadas, está escura ou con mal encadre. (1 punto)
- Desenfocada, con mala luminosidade (escura ou queimada) e con mal encadre. (0 puntos)

## 2. Riqueza simbólica e iconográfica da imaxe: ate 2 puntos.

- A composición ten información interna, que artella o tema e os motivos. Moita información e códigos expresivos. (2 puntos)
- Os símbolos e a iconografía empregados na composición son moi básicos e adoecen de falta de riqueza e profundidade expresiva (1 punto)
- A composición non ofrece máis do que se percibe. (0 puntos)

## 3. Adecuación e relación co tema xeral proposto para esta edición: ate 2 puntos.

- A fotografía reflicte claramente o tema proposto (2 puntos)
- É difícil atopar a conexión entre a fotografía e o tema (1 punto)
- Non conexión entre a fotografía e o tema (0 puntos)

## 4. Pertinencia do lema ou cuestión coa fotografía: ate 2 puntos.

- A pregunta enriquece e dirixe a mirada da fotografía (2 puntos)
- É difícil atopar a conexión entre a fotografía e o lema (1 punto)
- Non existe conexión entre a fotografía e o lema (0 puntos).

## 5. Orixinalidade e profundidade da proposta e o enfoque: ate 2 puntos.

- A imaxe é unha nova forma de achegarse ao asunto que se pretende expresar (2 puntos).
- A fotografía segue camiños xa marcados, tentando copiar imaxes similares e famosas dentro da fotografía. (1 punto).
- A fotografía adoece por completo de falta de orixinalidade, aínda que sexa realizada polo autor. Repite clichés que poden atoparse na Rede. (0 puntos).

## 6. Capacidade da composición para provocar sensacións, emocións e suxerir reflexións filosóficas: ate 2 puntos.

- A fotografía permítenos ampliar a reflexión sobre o tema proposto, servindo como punto de partida para novos enfoques, transmite emocións e sensación e/ou achega novos valores estéticos (2 puntos).
- A fotografía limitase ao tema, incorporando variables estéticas xa coñecidas e non achegan novas sensacións ou valores. (1 punto).
- A fotografía non provoca emocións ou sentimentos, non suxire ningunha reflexión, e non achega novos valores estéticos (0 puntos).

ENVIOS 9 FEBREIRO

# CURTA DE VIDEO

**Alumnado de 3º, 4º de E.S.O e BACHARELATO.**

- Consistirá en elaborar, tamén expresamente para ser presentada na Olimpíada, unha curtametraxe de autoría propia expresando en linguaxe audiovisual ideas filosóficas.
- A autoría pode ser individual ou colectiva (nesta última deberá nomearse un ou unha única representante).
  - A obra deberá durar un máximo de 5 min.
- Os recursos dixitais, música, imaxe deben ser de autoría propia ou recursos de creative commons (libres de dereito). Deixámosvos a web do buscador:  
**<https://search.creativecommons.org>**
- As curtas débense poder visualizar en liña para o que se require a súa publicación en Youtube.
- Tanto no video como na canle de youtube ao que se suba o video non debe figurar ningún dato que identifique o autor ou a autora, e o nivel ou o centro de ensino.



Corto -Revolución- de Slawomir Mrozek.

<https://www.youtube.com/watch?v=FxWpSagJrTQ&feature=youtu.be>

# Curta gañadora da IV Olimpíada



## CURTAS IV OFG

Olimpiada Filosofica - 1 / 26



-  **A forza das redes**  
alexrb5  
2:49
-  **rutina artificial**  
rdecima decimar  
3:10
-  **Tecnoloxía igual a todo?**  
Paula RF  
2:25
-  **Actualizate**  
Os Catro Fantásticos  
2:27
-  **El grupo**  
Momo Lele  
5:00
-  **olimpiada filosófica galicia 2017 j e m**  
Etica filosofía dereito  
3:39

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLxF57Re9zMVdBCeJCLVGdywA0m6r2CR6l>

---

# Criterios de Cualificación

---

## 1. Calidade técnica e estética da fotogdo vídeo: ate 2 puntos.

- Bon encadre, bon efoque, luminosidade suficiente, ausencia de encadre e enfoque con finalidade estética ou expresiva. (2 puntos)
- Hai partes desenfocadas, está escura ou con mal encadre. (1 punto)
- Desenfocada, con mala luminosidade (escura ou queimada) e con mal encadre. (0 puntos)

## 2. Riqueza simbólica vídeo: ate 2 puntos.

- O guión artella o tema e os motivos. Moita información e códigos expresivos. (2 puntos)
- Adoece de falta de riqueza e profundidade expresiva (1 punto)
- O guión está pouco elaborado, cunha estrutura frouxa e mal expresado. (0 puntos)

## 3. 3. Adecuación do guión e relación co tema xeral proposto para esta edición: ate 2 puntos.

- Reflicte claramente o tema proposto (2 puntos)
- É difícil atopar a conexión entre o vídeo e o tema (1 punto)
- Non conexión entre o vídeo e o tema (0 puntos)

## 4. Pertinencia do guión : ate 2 puntos.

- O guión aborda o tema desde múltiples puntos e consegue centrar o tema e transmitir sentido (2 puntos)
- Guión pouco estruturado, cun sentido explícito pouco suxerente (1 punto)
- Non un guión estruturado (0 puntos).

## 5. Orixinalidade e profundidade da proposta e o enfoque: ate 2 puntos.

- Transmite unha nova forma de achegarse ao asunto que se pretende expresar (2 puntos).
- Reproduce camiños xa marcados ou reproduce literalmente unha obra. (1 punto).
- Adoece por completo de falta de orixinalidade, aínda que sexa realizada polo autor. Repite clichés que poden atoparse na Rede. (0 puntos).

## 6. Capacidade da composición para provocar sensacións, emocións e suxerir reflexións filosóficas: ate 2 puntos.

- Permite ampliar a reflexión sobre o tema proposto, servindo como punto de partida para novos enfoques, transmite emocións e sensación e/ou achega novos valores estéticos (2 puntos).
- Limitase ao tema, incorporando variables estéticas xa coñecidas e non achegan novas sensacións ou valores. (1 punto).
- Non provoca emocións ou sentimentos, non suxire ningunha reflexión, e non achega novos valores estéticos (0 puntos).

PROBA PRESENCIAL  
9 FEBREIRO  
FACULTADE DE FILOSOFIA DA USC


# DISERTACIÓN

## Alumnado de BACHARELATO

- Consistirá en elaborar unha disertación que achege unha reflexión persoal argumentada
  - Extensión máxima: 4 páxinas.

Tempo de realización 90 min.

- Se resulta seleccionado na segunda fase o alumnado realizará unha defensa do traballo seleccionado que consistirá nunha exposición oral do traballo con preguntas. 20 min aprox.



# Criterios de Cualificación

PAUTA PARA A CORRECCIÓN DA DISERTACIÓN FILOSÓFICA		Puntuación 0,5
CLARIDADE E PRECISIÓN (máx. 2 puntos)	Usa vocabulario filosófico específico e preciso para o tema	
	Hai continuidade entre parágrafos que permite unha lectura fluída	
	A ortografía é correcta e a sítase é adecuada	
	A presentación e adecuada e a caligrafía é lexible.	
ESTRUTURA (máx. 3 puntos)	As tres partes están claramente diferenciadas: introdución, desenrolo e conclusión.	
	A introdución é clara e destaca os problemas centrais do tema e o seu interese	
	No desenvolvemento expóñense ideas pertinentes	
	Exponse claramente a tese defendida polo autor da disertación	
	A exposición segue un progreso	
Na conclusión recóllense as principais teses e os argumentos nos que se fundamenta		
ARGUMENTACIÓN (máx. 3 puntos)	Os argumentos céntranse no tema tratado	
	Realízase un esforzo por ser obxectivo e eliminar os prexuízos	
	Da razón suficientes, pertinentes e variadas que están elaboradas	
	Atende a opinións ou posturas contrarias e tenta refutalas	
	Pon exemplos e son coherentes coa argumentación das ideas	
Téntase convencer ao lector dunha tese		
ORIXINALIDADE (máx. 2 puntos)	Enfoque persoal sen estereotipos	
	Os exemplos son próximos á experiencia do alumno	
	Analiza os problemas de xeito persoal e propón preguntas propias a partir do tema	
	Transmite unha visión persoal e viva do tema	

# DILEMA MORAL


## Alumnado de 3º e 4º de E.S.O

- Consiste na resolución dun dilema moral.
- O obxectivo desta tarefa consiste en que o alumnado ofrezca unha solución razoada e argumentada
- A extensión máxima será de catro páxinas.

**PREME AQUÍ**

Tempo de realización 30 min.

- Se resulta seleccionado na segunda fase o alumnado realizará unha defensa do traballo seleccionado que consistirá nunha exposición oral do traballo con preguntas. 20 min aprox.



*Sartre conta que, durante a guerra, un alumno veu pedirlle consello. O mozo tiña un dilema moral. O seu pai abandonara a familia e era un “colaboracionista”, o seu irmán maior morrera na ofensiva alemana de 1940. O alumno quería vingalo. Pero a súa nai vivía soa con el, moi afluxida pola traizón do pai e pola morte do outro fillo, o seu único consolo era el. O mozo tiña que elixir entre partir para Inglaterra e alistarse nas Forzas Francesas libres, ou ben permanecer coa súa nai e axudala a vivir. Decatábase de que se se ía ou morría a súa nai fundiríase na desesperación. Que debería aconsellarlle Sartre e en que xustificarias a túa resposta?*

# Criterios de Cualificación

PAUTA PARA A CORRECCIÓN DO DILEMA MORAL			Puntuación 0,5	
<b>ENUMERACIÓN OPCIONS</b> (máx. 1 puntos)	Son opcións pertinentes			
	Da variedade de opcións	1 opción (0,2)		
		2 opcións (0,33)		
		+ de 2 opcións (0,5)		
<b>ARGUMENTACIÓN</b> (máx. 3 puntos)	Realízase un esforzo por ser obxectivo e eliminar os prexuízos			
	Proporciona argumentos para cada unha das opcións do dilema			
	Os argumentos son pertinentes			
	A argumentación segue unha secuencia lóxica			
	Evita as falacias argumentais			
	Presenta contraargumentos para as diferentes opcións			
<b>ANÁLISE DO DILEMA</b> (máx. 1 puntos)	Sinala os dous valores máis importantes en conflito			
	Sinala outros valores secundarios e a súa xerarquía	Só un valor secundario (0,2)		
		Dous valores secundarios (0,33)		
		+ de dous valores secundarios (0,5)		
<b>SOLUCIÓN</b> (máx. 5 puntos)	<b>CLARIDADE</b> (1 punto)	Introdución e conclusión claras que hagan visible a opción escollida polo alumno/a		
		Hai continuidade entre parágrafos que permite unha lectura fluída		
	<b>IDEAS PERSOAIS</b> (1 punto)	Está reflectido o punto de vista persoal do alumno		
		Evita repetir o xa sabido e proposto sen elaboración persoal		
	<b>RAZOAMENTO</b> (3 puntos)	Clarifica a xeraquía e pertinencia dos argumentos		
		Proporciona argumentos variados e suficientes para a opción elixida		
		Inclúe análise dos contraargumentos da súa opción		
		A argumentación segue unha secuencia lóxica		
		Evita as falacias argumentais		
		Refuta os argumentos contra da súa decisión		




---

# PREMIOS

---

- O primeiro premio de cada modalidade será de 200 euros e a viaxe a gastos pagados á Olimpiada Estatal de Filosofía.
- A participación dos segundos premios na Olimpiada Estatal estará suxeita ao número total de centros participantes nesta convocatoria
- Todos os participantes e todas as participantes recibirán un diploma acreditativo de participación na Olimpíada Filosófica de Galicia.
  - Os premios poderanse considerar desertos se se considera que os traballos presentados carecen da calidade mínima requirida.



# 2017-2018 REVOLUCIÓN E UTOPIÍA

Este é o tema deste ano, é aberto e abordable dende moitos puntos de vista. Pretende ser un horizonte de reflexión sobre o que tratar problemas actuais de índole política, ética, social, económica ou científica, coa ollada posta na transformación necesaria da nosa sociedade. Pódese abordar tamén o papel actual da Utopía e a Revolución en forma de problema.

Cales son as utopías actuais?

Cales son os movementos revolucionarios hoxe?

Non existen xa utopías no século XXI?

Remataría xa o tempo das revolucións?

Que facetas da sociedade precisan hoxe de movementos revolucionarios? A quen corresponde hoxe facer as próximas revolucións: maiorías, políticos, intelectuais...?

Será que as revolucións seguen producíndose só que de forma diferente, silenciosa e non perceptible ?

Será que xa non hai quen poida asumir a tarefa de transformar o mundo?



---

# REVOLUCIÓN E UTOPIÍA

---

## REVOLUCIÓN

Unha revolución (*do latín *revolutio*, "unha volta"*) é un cambio social fundamental. Afecta á estrutura do poder dunha sociedade, unha organización e ten lugar nun período relativamente curto de tempo, aínda que a súa xestación pode ser longa.

### Tipos de revolucións:

- Revolución política.
- Revolución social.
- Revolución económica.
- Revolución científica,
- Revolución tecnolóxica,
- Revolución Industrial,

En cada Revolución subxace a utopía

## UTOPIÍA

Utopía (*do grego, οὐ ("no") e τόπος ("lugar")*, significa literalmente "non-lugar") aplícase á idea, ideación ou representación dunha sociedade ou unha civilización ideal, fantástica, imaxinaria e irrealizable, alternativa ao mundo actual.

Tamén se aplica ao proxecto ou teoría que se considera idóneo, pero inviable ou de difícil posta en práctica: "utopía comunista", "utopía anarquista".

A utopía permite formular e deseñar sistema de vida e sociedade alternativos, máis xustos, coherentes e éticos.

### Tipos de Utopías:

- Económicas,
- Políticas
- Sociais
- Tecnolóxicas
- Ecoloxistas
- Educativas